

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MESTRE PASTOR BARRAL (MELIDE)
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO:
DATA: 11MAIO2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> • Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. • Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. • Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
<ul style="list-style-type: none"> • Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. • Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. • Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. • Domina o equilibrio estático e iníciase no dinámico.
<ul style="list-style-type: none"> • Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Desprázase e salta de distintas formas variando os puntos de apoio, con coordinación. • Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación. • Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos, iniciando os xestos axeitados.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. • Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. • Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. • Adopta hábitos alimentarios saudables. • Identifica e sinala os riscos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. • Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pon en práctica as tácticas elementais dos xogos. • Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. • Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: durante as sesións presenciais primaban os procedementos de observación e en menor medida os de experimentación ou rendemento. Dada a situación actual, a observación real non é posible e baseareime en procedementos de experimentación enviados e recibidos vía correo electrónico ou de “observación” de situacións de xogo ou actividade física a través dos envíos que me fagan as familias do alumnado.</p> <p>Instrumentos: o rexistro anecdótico, as listas de control, etc... que utilizaba nas sesións presenciais serán substituídas por instrumentos propios de procedementos de experimentación ou rendemento (traballos escritos -fichas, ...-) e fotografías ou vídeos que, no seu caso, solicite con respecto a algunha actividade proposta e que me permitan observar, aínda que non en tempo real, a realización da mesma.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: temos que partir obrigatoriamente do que aparece na páxina 6, apartado 6.9, das Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa: “... a avaliación e cualificación... que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado”.</p> <p>Tendo en conta estas instrucións, a cualificación final basearase fundamentalmente nos dous primeiros trimestres do curso 2019/20. En canto ó traballo desenvolvido polo alumnado ó longo deste período de suspensión de actividades lectivas presenciais, repercutirá nas cualificacións sempre e cando contribúa a incrementar as obtidas na 1ª e 2ª avaliacións.</p> <p>Á hora da cualificación terase en conta o nivel de consecución dos obxectivos mínimos e o grao de adquisición das competencias clave. Particularmente, préstase atención á participación do alumnado nas actividades propostas, á actitude fronte ás aprendizaxes e o coidado do material, o cumprimento das normas e a vestimenta axeitada para a práctica deportiva. Téñase en conta que haberá aspectos que si foron valorados ó longo das sesións presenciais e que non poderán selo neste período de peche dos colexios.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Na programación didáctica hai un epígrafe dedicado ás actividades no que se mencionan algunhas das que se utilizarían ó longo do período lectivo presencial a modo de exemplificación. Loxicamente, a situación actual condiciona a proposta que pode efectuarse, posto que por un lado non hai a posibilidade de facelas en gran grupo; por outro lado, o espazo para levalas a cabo é limitado (variable, segundo os casos, pero reducido) e sen o acondicionamento axeitado; por último, os materiais dos que dispón o alumnado nas súas vivendas non son comparables ós que dispoñemos no colexio.</p> <p>Partindo polo tanto destes condicionantes, as actividades de tipo práctico que lles formulan ós alumnos e alumnas non precisarán dun espazo demasiado grande, non requirirán materiais especificamente vinculados ó deporte e terán en conta que o neno ou a nena non conta cos seus compañeiros ou compañeiras como acompañantes nas mesmas.</p> <p>Por outra parte, tamén se enviarán fichas de EF que complementarán o traballo práctico que se propoña.</p> <p>Cómpre, en resumo, adaptarse ás particulares circunstancias que estamos a vivir.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Na programación didáctica propiamente dita, díciase que a nivel global séguese unha metodoloxía construtiva, globalizadora, participativa e lúdica, que fomentará nos nenos/as a exploración, o descubrimento, a creatividade e sobre todo a valoración das propias posibilidades, todo isto a través do xogo que promove estas características. A situación actual derivada do COVID-19 vai supoñer que os estilos de ensino mediante a busca (descubrimento guiado, resolución de problemas...) sexan substituídos en boa parte por unha forma de traballo que se apoie en propostas que teñen unhas consignas moi claras e caracterizadas pola brevidade para que o alumnado poida sacarlles todo o proveito que se espera. A este respecto, dicir que en gran medida as tarefas que se propoñen baséanse en temáticas tratadas no 1º e no 2º trimestres, o que permitirá que a súa realización non entrañe dificultades a nivel do seu entendemento, indo sempre na procura dun reforzo positivo.</p> <p>No caso do alumnado sen conectividade é preciso imprimir as actividades dos envíos e posteriormente facerlle entrega delas, labor do que se encarga persoal do Concello de Melide.</p>
Materiais e recursos	<p>Xa falamos no apartado das actividades que á parte das limitacións de espazo para a práctica da actividade física, o alumnado nas súas casas non dispón da variedade de material que hai no colexio. Isto implica que hai que botar man da imaxinación e da experiencia e outorgarlle novas funcionalidades ós materiais existentes nos fogares (ou tamén de produción propia) para poderlles sacar proveito na área que nos ocupa. Por exemplo, unhas botellas de auga poden servirnos para facer unha carreira en zigzag. E por outro lado, hai tamén actividades que non precisan apenas de materiais, razón pola cal se converten en óptimas para estas datas.</p> <p>Semanalmente fanse envíos a través do correo electrónico (ou de xeito impreso –a través do concello- para o alumnado que non ten conectividade) con vídeos ilustrativos sobre diversos aspectos (xogos con cancións, quentamento, circuitos, etc...) e tarefas ou exercicios para cumprimentar por escrito procedentes de fontes bibliográficas vinculadas á EF.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Informarase ás familias a través da páxina web do colexio, do correo electrónico, de Abalar e de material impreso.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.